

Os socialistas piden por 4ª vez en 2 anos o arranxo da rúa Concepción Arenal tras as queixas públicas dos veciños

Lembran que levan insistindo no asunto dende febreiro de 2013 pois “o PP leva anunciando a obra dende o 2009, estamos acabando xaneiro de 2015 e a rúa a día de hoxe está anegada de auga pola súa falta de compromiso cos veciños”

Piden o arranxo urgente e definitivo da estrada, “chegaron a recoñecer abertamente a necesidade da obra, fixeron un lavado de cara que incluso empeorou a situación e ós dous días seguíamos tendo o mesmo problema”

CERVO, 21 DE XANEIRO DE 2015.- Os socialistas de Cervo lamentan que os veciños da Rúa Concepción Arenal teñan que facer público unha vez máis o estado de abandono no que se encontra esta zona de San Ciprián, “é lamentable que o Concello poida manter así esta rúa, cando é un dos puntos neuráxicos para as compras dos veciños da vila de San Ciprián e do resto do concello por estar aquí o supermercado. Ó longo da estrada hai fochancas de grandes dimensións e nas aceras, áreas de aparcamento e no firme existen varias zonas onde a auga apoza con moita facilidade”.

“Pedimos por cuarta vez en dous anos que tomen medidas en canto a este asunto. Levamos así anos e o señor alcalde, Alfonso Villares, e o seu equipo de goberno seguen pasando do tema como o primeiro día poñendo de manifesto, coma sempre, a súa pasividade e deixadez habitual”, engadiron.

Os membros do Grupo Municipal Socialista lembran que “comezamos a insitir nesta problemática hai dous anos. Polo mes de febreiro de 2013 trasladamos ós medios de comunicación as queixas que nos transmitían diariamente os veciños. O único que fixeron foi facer acto de presenza no lugar, ordenar un lavado de cara que incluso empeorou a situación e ós dous días seguíamos tendo o mesmo problema”.

Dende o goberno municipal chegaron a recoñecer abertamente a necesidade deste arranxo e aseguraron que estaban traballando no asunto, “pero é que levan co mesmo discurso dende o ano 2009 no que xa anunciaron esta obra. Estamos finalizando xaneiro de 2015 e a rúa está anegada de auga porque non se preocuparon nin o máis mínimo en todo este tempo de plantexar unha solución definitiva”.

Os socialistas aseguran que “as declaracións do goberno cervense do Partido Popular non son máis cunha burla directa cara ós nosos veciños, unha auténtica falta de respecto que demostra unha vez máis o pouco compromiso que teñen os membros do PP co noso concello”.

Por todo, ademais de esixirlle ó equipo do Partido Popular “a máxima urgencia no arranxo desta situación”, pregúntanlle cales son os criterios que manteñen para reparar certas vías e outras non “esta zona non só é usada polos habitantes da rúa senón que é transitada, e moito, por tódolos veciños de San Ciprián e Cervo e incluso tamén veciños doutros concellos, traballadores de Alcoa e familiares que gozan de descontos neste supermercado. Na Veiga só quedan dúas rúas sen cambio de beirarrúas e reposición de firme e non entendemos o porqué. É vergoñento que certas zonas da vila se atopen así e o equipo de goberno non mova un dedo para dar solución ó día a día dos seus veciños”.

Rematan pedindo que “cumpran coas súas promesas e fagan as actuacións necesarias para o completo arranxo desta rúa dunha vez por todas, pois é o punto comercial alimenticio por excelencia para os veciños, non só de San Ciprián, se non de todo o Concello. Dá pena ver día sí día tamén todo inundado de auga, sobre todo, en época de choiva como na que estamos”.